

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

*ANUNCIO da convocatoria para prover prazas de administrativo/a e auxiliar incluídas na ampliación da oferta de emprego público de 2020.*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 34, do venres 19 de febreiro de 2021, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a prazas vacantes de administrativo/a e auxiliar no Concello de Pontevedra incluídas na ampliación da oferta de emprego público (OEP) do ano 2020.

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura convocou, mediante a Resolución do 9 de febreiro de 2021, os procesos selectivos para a cobertura das seguintes prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na ampliación da oferta de emprego público do ano 2020, que a continuación se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C, subgrupo C1, clasificación: escala de Administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 3. Denominación: administrativo/a. Resérvase unha (1) praza para persoas con discapacidade xeral. O sistema de selección será o de oposición libre.

– Grupo segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C, subgrupo C2, clasificación: escala de Administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 3. Denominación: auxiliar. Resérvase unha (1) praza para persoas con discapacidade xeral e unha (1) praza para persoas con discapacidade intelectual. O sistema de selección será o de oposición libre.

– Grupo segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C, subgrupo C1, clasificación: escala de Administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 2. Denominación: administrativo/a. O sistema de selección será o de promoción interna.

– Grupo segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C, subgrupo C2, classifica-



ción: escala de Administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 1. Denominación: auxiliar. O sistema de selección será o de promoción interna.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial del Estado*. Os sucesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 19 de febreiro de 2021

O alcalde  
P.D. (Acordo da Alcaldía do 5.2.2021)  
José Manuel González Abal  
Director xeral de Recursos Humanos

